



Instrución: 2/2006

Data: 16/1/2006

Asunto: Participación do persoal do cadro de atención primaria nas urxencias extrahospitalarias en Puntos de Atención Continuada.

Orixe: Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional.

Ámbito: Persoal médico de familia e diplomados en enfermería do cadro de persoal na atención primaria.

O Acordo asinado entre a administración sanitaria e as organizacións sindicais con representación na mesa sectorial, de 27 de maio de 2005, publicado no DOG núm. 105 de 2 de xuño, entre outras materias regulamenta a creación de postos en puntos de atención continuada (PAC) de novo modelo e a opción para a realización voluntaria de gardas en unidades e servizos de atención primaria.

Os PAC recollidos no artigo sétimo do citado Acordo tiveron oferta de voluntariedade, regulamentada pola Instrución 7/2005. Neses ámbitos, por aplicación do artigo cuarto parágrafo último do Acordo, non volverá a ofertarse a voluntariedade. Así mesmo por mor de dita oferta establecéronse vínculos específicos en PAC, que con efectos 1 de xaneiro foron dotados como prazas de novo modelo en PAC nos cadros de persoal das xerencias correspondentes.

As unidades e servizos nos que resta formalizar a opción contida no artigo cuarto do Acordo, regulamentaranse por estas instrucións que veñen a reproducir e aplicar basicamente os mesmos criterios que a Instrución 7/2005 citada. As modificacións introducidas débense á intención de reforzar os postos en PAC con fin de completar as xornadas, limitando por esta razón a voluntariedade no seu tramo máximo.

Xa que logo, cómpre establecer as actuacións en orde á regulación e formalización da opción de voluntariedade do persoal do cadro de persoal para a realización de xornada complementaria á ordinaria nos PAC restantes.

Con este obxecto, en aplicación do acordado no seo da Comisión de seguimento do Acordo de Urxencias de 27 de maio de 2005 do persoal das institucións sanitarias do SERGAS, e con base no Plan de incorporación e cesamento de data 16 de xaneiro de 2006, negociado en mesa sectorial, este centro directivo ven a ditar as seguintes

INSTRUCCIÓN 2/06



INSTRUCCIÓN:

Primeira.- Obxecto.

O obxecto da presente instrución é a formalización e regulamentación do procedemento da opción de voluntariedade en xornada complementaria á ordinaria, a exercer polo persoal médico e de enfermería do cadro de persoal, na atención continuada dos ámbitos de actuación dos PAC piloto que non foron obxecto de oferta de voluntariedade en aplicación da Instrución 7/2005 e nos PAC piloto do Pacto de 29 de outubro de 2004 (DOG núm. 218 de 9 de novembro).

Tamén ten por obxecto regular a incorporación ao sistema de voluntariedade de gardas do persoal das unidades e servizos de novo acceso.

Segunda.- Ámbito de aplicación e entrada en vigor.

As disposicións contidas nesta instrución serán aplicables ao persoal médico de familia e diplomados en enfermería do cadro de persoal nos PAC non incluídos nas ofertas realizadas no mes de xuño de 2005 e polo Pacto de 20 de febreiro de 2004 polas instrucións xa ditadas e demais normas concordantes.

A instrución oitava será de aplicación ao persoal que se incorpore por mor de novo acceso derivado dun vínculo fixo, provisión ou temporal en vacante a un posto de traballo de médicos de familia ou diplomado en enfermería de cadro de persoal na atención primaria con prestación de servizos en PAC.

Esta Instrución será aplicable ao día seguinte da súa sinatura. A data da efectividade estará condicionada á efectiva vinculación temporal de profesionais que se determinen para a cobertura de atención continuada nos PAC. A data de efectos será comunicada ao persoal do cadro.

Terceira.- Contido da opción voluntaria de atención continuada en PAC piloto.

Aplicarase no seu contido íntegro a instrución terceira da 7/2005, co mesmo título e os mesmos apartados.

Cuarta.- Horas voluntarias de atención continuada.

4.1. Aplicarase o contido íntegro da instrución 4.1 da 7/2005.

4.2. A xerencia poderá denegar a realización da opción polo tramo ata 550 horas por resolución motivada.

Para estes efectos, os dous principios xerais nos que debe fundarse a resolución da xerencia serán:

I.- Dar prioridade á realización da xornada ordinaria e a cobertura por tanto da atención ordinaria, sobre a realización de xornada voluntaria complementaria de atención continuada, sen prexuízo das medidas que deban adoptar as xerencias para garantir a cobertura da prestación urxente por todos os medios dispoñibles.

INSTRUCCIÓN 2/06



II.- Completar as xornadas de traballo inferiores as 1570 horas anuais efectivas nos vínculos en postos de traballo de PAC de médicos de familia e diplomados en enfermería, que se encontren por debaixo de dita xornada.

4.3. A concreción dos tramos nas carteleiras de traballo dos PAC piloto será obxecto de negociación no seo da comisión de centro ou xunta de área correspondente.

4.4. Como regra xeral, ao persoal que realice xornada complementaria aplicaráselle o réxime de descansos diarios alternativos a que se refire o artigo 54 da Lei 55/2003 para os casos do artigo 51.3.

Quinta.- Horas restantes de atención continuada no PAC.

5.1. Cálculo de vínculos.

Unha vez solicitada a voluntariedade e determinadas as horas a cubrir co persoal voluntario, as horas pendentes de cobertura servirán de base de cálculo do número de vínculos a formalizar co persoal temporal como postos estables en cada PAC. Como regra xeral os vínculos calcularanse entre 1570 horas, tendo en conta para completar os vínculos o disposto no punto II da instrución 4.2.

5.2. Horas restantes.

Formalizada a voluntariedade e calculados o número de vínculos, conforme ao anterior, de restar horas de cobertura, estas repartiranse conforme o seguinte:

1. Unha vez asignadas as cargas horarias, de acordo cos tramos anteriores, os profesionais que así o manifesten poderán optar pola realización dun número de horas de atención continuada por riba das 230/280 ou 550 efectivas anuais, ou tramo entre eles, segundo resulte.

O profesional que opte por esta opción terá que participar no réxime de quendas do PAC, con descanso alternativo non coincidente co día seguinte da garda, como criterio xeral.

Nesta opción, a carteleira de gardas realizarase computando 550 horas anuais ou o tramo inferior que resulte do reparto entre os voluntarios desta opción, engadindo as horas adicionais na carteleira de traballo nas quendas pendentes de cubrir trala distribución inicial entre todos os profesionais que prestan servizos no PAC.

2. Unha vez formalizada a oferta anterior, de restar horas de cobertura poderán ofertarse ao persoal con vínculo de PAC para que voluntariamente podan ampliar a xornada.

3. Unha vez realizada a oferta anterior, de restar horas para a súa cobertura procederá que as xerencias propoñan a esta División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, no seu caso, a autorización do incremento do

INSTRUCCIÓN 2/06



número de vínculos previstos para cada PAC, en función das horas que resten de atención continuada.

4. No suposto de que as horas restantes non podan ter referencia nun novo vínculo por non comprender unha xornada completa, poderán adoptarse medidas extraordinarias que serán adoptadas previa información á Comisión de seguimento do Acordo de 27 de maio de 2005.

De propoñerse o incremento de vínculos ou medidas excepcionais, tralo informe anterior a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional valorará as circunstancias organizativas concorrentes e resolverá o que proceda.

As modificacións consignaranse no programa funcional correspondente a cada xerencia.

5.3. Excepción da voluntariedade na realización de atención continuada en PAC piloto.

Con carácter excepcional, a dirección do centro poderá encomendar polo tempo indispensable, a realización de horas obrigatorias, por indispoñibilidade de persoal, considerándose que existe esta cando concorran as seguintes circunstancias que impiden unha solución alternativa:

- a. Que non dispoñan de persoal nas listaxes de aspirantes a vinculacións temporais.
- b. Que o persoal específico que presta servizos no PAC non asuma voluntariamente a realización da xornada de traballo por encima do límite legal de xornada.
- c. Que non se dispoña de persoal voluntario ou ben que o persoal que voluntariamente participa na realización da atención continuada voluntariamente non asuma a realización da xornada de traballo por razón de estar realizando o límite legal de xornada.

Cando se dea a concorrencia das situacións indicadas nos tres puntos anteriores, e sexa necesaria a prestación obrigatoria de horas en PAC piloto, o criterio xeral de asignación de quendas será negociada previamente na comisión de centro, ou no seu caso, na xunta de área correspondente.

A realización imprescindible de xornada complementaria polo persoal, de acordo co anterior, será obxecto de compensación mediante a retribución que corresponda á garda realizada ou en descansos, segundo o que a dirección do centro e o traballador acorden.

INSTRUCCIÓN 2/06

Sexta.- Procedemento para a opción de voluntariedade.

6.1. Modelo e prazos.

A opción de voluntariedade de realización de xornada complementaria á ordinaria, nas condicións establecidas, deberá ser formalizada no modelo do anexo I, na que se conterán os posibles tramos a optar segundo se dispón no artigo cuarto desta norma.

A tal fin, cada xerencia publicará e notificará individualmente a resolución da apertura de prazo para que os interesados exerzan a opción de voluntariedade, que será como mínimo de cinco días hábiles.

6.2. Información.

Xunto coa resolución, as xerencias darán publicidade aos datos necesarios para o exercicio da opción, con coñecemento das circunstancias da prestación, que se incluírán no programa funcional das xerencias.

A información conterá, alomenos, as características da prestación de servizos nos distintos PACs piloto, o horario do PAC, o calendario anual, a presenza necesaria para cada tramo horario, a vixencia do programa, e demais circunstancias que sexa necesario facer constar, así como unha copia desta Instrución coas posibilidades de opción.

As condicións de prestación así como as posibilidades de reversión en supostos especiais tales como os derivados da Lei de Conciliación da vida familiar e profesional, serán as previstas na programación funcional do correspondente PAC, con base nas disposicións desta Instrución ou no desenvolvemento da mesma. Os programas, e por tanto a opción de voluntariedade manifestada, manteranse vixentes ata a modificación do programa funcional e no seu caso o remate da vinculación co centro de destino.

Deberán indicar aos interesados o recurso, facendo constar na resolución, que contra a resolución da xerencia sobre a opción da voluntariedade caberá reclamación previa ante a Dirección xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS.

Deberán darlle traslado da execución anterior a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do SERGAS, que a súa vez informará ás organizacións da Mesa sectorial.

Sétima.- Programación funcional do PAC piloto.

Será de aplicación nos seu contido integro a Instrución 7/2005, sétima co mesmo título e cos mesmos apartados.

Oitava.- Incorporación á xornada complementaria de atención continuada.

O persoal que se incorpora a un posto de traballo nas unidades e servizos de atención primaria terá o prazo que determine a xerencia correspondente, que

INSTRUCCIÓN 2/06



será como mínimo de cinco días e como máximo de un mes, para formalizar a voluntariedade de acordo cos criterios correspondentes á situación do PAC. Na actualidade a incorporación prodúcese en dous tipos de unidades/servizos e de acordo cos seguinte criterios:

A.- Unidades ou servizos nos que se ofertara a voluntariedade e que dispoñan de prazas de cadro en PAC:

Nestes ámbitos a voluntariedade nas gardas foi obxecto de regulación pola Instrución 7/2005 e o Pacto de 20 de febreiro de 2004, e non será de novo ofertada. As horas para exercela polo persoal de nova incorporación virán determinadas polas horas dispoñibles no PAC, non cubertas polo persoal do centro que teña exercida a voluntariedade e reservadas a voluntariedade ou transformadas en prazas de PAC.

O reparto entre os solicitantes será de acordo coas horas dispoñibles e segundo os tramos establecidos. No suposto de non dispoñer de horas suficientes para completar un tramo mínimo entre os profesionais que o soliciten, as horas serán repartidas entre o persoal solicitante de maneira equitativa.

Mentres non se resolva a voluntariedade derivada da incorporación, este persoal estará a disposición da xerencia, que en caso de non poder resolver as horas non cubertas cos criterios determinados para horas restantes, realizará provisionalmente as quendas que lles sexan asignadas.

Esta asignación será provisional ata a resolución da petición.
De non dispoñer de horas non poderán exercer a voluntariedade.

B.- Unidades ou servizos que no prazo posesorio sexa ofertada a voluntariedade e que non contén con prazas de cadro en PAC.

A voluntariedade nestas unidades/servizos está regulada nesta Instrución. Mentres non se resolva, unha vez publicado o plan funcional e formalizada a vinculación de persoal temporal, con carácter xeral o persoal que se incorpore neste postos terá asignadas as quendas de garda que provisionalmente lles encomenden as xerencias en reparto equitativo co resto do persoal con gardas obrigatorias. As xerencias poderán aplicar tamén a regulación contida para horas restantes naqueles supostos que en virtude das circunstancias o estimen posible e conveniente.

En ámbolos dous supostos A e B, a voluntariedade será resolta polas xerencias no prazo máximo de tres meses dende a solicitude.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira: De resultar inviable a organización por mor da opción de voluntariedade unida á falta de profesionais ou algunha outra circunstancia social a criterio da xerencia no proceso de selección nalgún dos PACs nos que foi ofertada a voluntariedade, esta poderá propoñer o aprazamento da



efectividad. Este cambio será informado previamente aos membros da Mesa sectorial.

Segunda: As normas contidas nesta instrución deberán interpretarse e completarse, nos supostos non resoltos expresamente ou de darse dúbidas ou lagoas, coas normas que regulamentan as condicións de traballo do persoal específico que se vincule ao PAC, e ao resto de normas aplicables ao persoal médico de familia e enfermeiras/os no SERGAS, incluíndo o Pacto polo que se regulan determinadas condicións de traballo do persoal que presta servizos no ámbito urxencias extrahospitalarias (DOG núm. 44, do 2 de marzo de 2001).

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2006.
**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS
E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL,**

Asdo.- Antonio José Fernández Paniagua

CSI-CSIF

INSTRUCCIÓN 2/06



ANEXO I

**PARTICIPACIÓN NO REXIME DE GARDAS OU ATENCIÓN CONTINUADA NA
 ATENCIÓN PRIMARIA**

D^a/ D COA

CATEGORÍA DE:

- Médico Enfermeiro

E VÍNCULO:

- Fixo Interino Temporal longa duración

Que vén prestando servizos para o SERGAS no ámbito de Atención Primaria na U.A.P de

De acordo coa Instrución sobre a participación do persoal na Atención Continuada

Solicita:

- Non realizar gardas

Realizar gardas voluntarias baixo unha das modalidades seguintes:

- A. Tramo mínimo: Realización dun número de horas de garda efectivas anuais comprendidas entre 230 e 280 ao ano.
 B. Realización dun número de horas efectivas anuais de Atención Continuada entre o tramo anterior e ata 550 horas anuais.

Voluntariamente manifesta o seu interese por aceptar a asignación dun número de horas de garda de duración superior a 550 horas anuais efectivas: si

A opción de voluntariedade escollida terá unha duración prevista ata 2007 ou remate do meu nomeamento actual con ese centro.

En ade 2006

Asinado: